



Cerimonias do desencravo e Cristos articulados en Galicia (II)

Autor: Julio González Montañés

Resumen do publicado anteriormente

No serán do Venres Santo, o Acto ou Función do Desencravo ou Descendemento da Cruz, continua sendo o preludio das procesións do Santo Enterro.

Inicialmente, estas celebracións eran litúrxicas e simbólicas, estruturadas en tres momentos ben diferenciados: a Adoracio Crucis (adoración da cruz), a Depositio Crucis (descenso da cruz) e, finalmente, a Elevatio Crucis (exaltación da cruz).

A partir do século XIII, este rito evoluciona cara a unha representación paralitúrxica, xa sen diálogos, organizada en dúas fases principais: o Desencravo ou Descendemento e o Enterro. No século XVI, o Concilio de Trento regula esta cerimonia dramática, dotándoa dunha clara función catequética e evanxelizadora. Máis adiante, reforzase coa incorporacion do Sermón do Descendemento e o Sermón das Sete Palabras.

A representación comeza coa retirada das Arma Christi (os instrumentos da Paixón): en primeiro lugar, a cartela co INRI; despois, a coroa de espiñas; a continuación, o cravo da man dereita; logo, o da man esquerda; e por último, o dos pés. Unha vez contemplado este ritual, os oficiantes colocan a imaxe de Cristo, cos brazos pregados, nunha urna ou sepulcro, simbolizando o seu enterro.

En Galicia, estas representacións viviron a súa época dourada no século XVII. A súa práctica foi diminuindo ao longo do século XIX, aínda que se produciu unha certa recuperación a finais dese mesmo século. Con todo, en moitos lugares abandonáronse definitivamente durante os anos trinta do século XX. a Pesar diso, nalgúns puntos as cerimoniais lograron manterse, mentres que noutros as confrarías desapareceron por completo. (Fin do resumo)

8. Popularidade da cerimonia en Galicia

A primeira proba da popularidade dos Desencravs en terras galegas é a extensión xeográfica da cerimonia e a súa abundancia. Proban tamén a súa popularidade o reflexo que tiveron na arte (baldaquinos, cruceiros e calvarios [cf Foto 10]), e numerosísimos testemuños etnográficos e literarios que se refiren a eles, moitos deles para criticalos ou mesmo parodialos como sucede nun conto tradicional documentado no século XIX titulado Non Desencravo (9) ou no monólogo discográfico O Desencravo do actor vigués José Rodríguez Vicente, Joselín, gravado en Ourense pola casa Regal en 1929 (10).

NOTA:

(9) Publicado en Rodríguez Elías, Avelino, Aturuxos: Contos, epigramas e cantares en gallego, Tip. de F. Carranque, Vigo, 1895, pp 11-14.

(10) Cf.

<https://juliomontanes.synology.me/desenclavosweb/joselin.htm> e Tato Fontaiña, Laura & Rodríguez de Vicente, José, Os contos de Joselín: José Rodríguez de Vicente: primeiros documentos sonoros do teatro galego (1929-1954) [Libro-CD], a Central Folque, Centro Galego de Música Popular, Santiago de Compostela, 2014, p. 23.

Poden servir tamén como proba da existencia de cerimoniais do Desencravo en terras galegas xa no século XVI un grupo de relevos coa escena da Deposición de Cristo que se atopan nos atrios de varias igrexas galegas S. Pedro de Bordóns (Sanxenxo), San Salvador de Meis, Arcos de Furcos (Cuntis), Sta M^a de Fragas (Campo Lameiro), Barrantes (Ribadumia)..., alíuns en localidades nas que aínda se representa a Paixón ou se representaba ata fai poucas décadas (Meis) [cf Fotos 11 e 12]. A presenza na práctica totalidade destas pezas da cruz e a escaleira, e en varias dos instrumentos do desencravo (martelo e tezas), así como a rixidez dos cristos que parecen claramente figuras articuladas, convida a pensar que os seus autores puideron contemplar cerimoniais dramatizadas do Desencravo e o Enterro que serían cousa frecuente xa no século XVI, centuria á que pertencen os relevos. Por outra banda, a localización destas pezas nos atrios das igrexas, en ocasións tras un banco de pedra ou pousadoiro, formando claramente un escenario (Arcos de Furcos, Cotobade..), parece indicar que se utilizaron en representacións da Paixón ou polo menos no curso de procesións do Enterro o Venres S^{anto}. Hai que ter en conta, con todo, que na maioría dos casos trátase de pezas aproveitadas procedentes de antigos baldaquinos e que a súa colocación nos atrios debeu de realizarse como moi cedo no século XVIII, pero existen alíuns precedentes galegos para escenas do Enterro de Cristo en pezas populares da segunda metade do século XV ou principios do XVI como relevo do Mueso Arqueolóxico da Coruña, probablemente dun sepulcro do convento de San Domingos [cf. Foto 13].

Testemuño da longa supervivencia destas prácticas dramáticas témolo de novo na arte nalgúns cruceiros don desencravo do século XXI como os de Hío (Cangas), Eiroa (Noia), Berrimes (Lousame), Suevos (Arteixo), Rabuñade (Ribadumia)... nos que, como xa apuntou Castelao, o carácter de inmediatez, de cousa vista, que teñen as súas escenas - sen dúbida máis evidente cando lucían a súa policromía orixinal-, é síntoma de que os seus autores coñecían estas cerimoniais dramáticas que deberon de ser moi frecuentes nos atrios das igrexas galegas. Castelao non concretou máis pero a análise das pezas mostra en efecto trazos iconográficos que parecen directamente inspirados nas cerimoniais do Desencravo. No de Hío, por exemplo, os anxos sosteñen ao pé da cruz a cartela do INRI e a coroa de espiñas, os primeiros elementos que se retiraban aos Cristos no Desencravs galegos, e os brazos do crucificado foron desencravados pero non os pés xa que este era o último cravo que se sacaba nas representacións [cf. Foto 14]

En Hío, Cristo colga dun sudario que pasa baixo as súas axilas, a modo de soga, que fai polea nos brazos da cruz e permite baixar o corpo lentamente, xusto o procedemento utilizado nas paixóns e Desencravs, tanto galegos como doutros lugares, para fecer descender a figura de madeira articulada (11). Todos estes trazos aparecen reunidos, entre outros moitos casos, nas cerimoniais do Desencravo de Augasantas [cf. Foto 16] e San Martín de Verducido (Cotobade), cerimoniais que sobreviviron ata o século XX e que o autor do cruceiro de Hío, sexa Xosé ou Ignacio Cerviño,

debeu sen dúbida coñecer (12).

En 1911 Francisco Portel pardal describiu o Desencravo de Padrón cun ton neutro, aí que enxebrista, nos seguintes termos:

“Aí polas dúas da tarde camiña car a Padrón moita xente que vai ver o desencravo, pero algunha xa vai diante pra coller un bo sitio dend´ onde s´ oia ben o pradicador e se vexa todo ben e se non esté moi apertado... Ás catro pouco máis ou menos, cando a ilesia de Padrón, que n´ é das pequenas, está chea, ben chea de xente, comenza o sermón. Diante do altar está unha crus en qu´ está cravada a imaxen de Noso Señor e preto dela a imaxen de Nosa Señora das Delores posta na andia.

Cando o pradicador vai rematar o sermán, manda que dous cregos, representando a Xepe d´ Arimatea i a Nicodemus, suban polas esqueiras qu´ están arrimadas á crus e descraven a imaxen do Salvador, quitando lle antes a coroa d´ espiñas que poñen na man da Virxen. Así que descravan a imaxen d´ Aquel que nos redemeu, póñe-na dentro do sepulcro. Pouco despois saile a xente da ilesia pra ver a procesión... Comenza a sair a procesión indo diante a crus con dous cereales ós lados. Dinde xunt´ a crus astra donde veñen os cregos van moitas velas en dúas ringleiras. Despois da crus, anque bastante separada, vai unha rapaciña cunha xerra na man, pousada nun cadril, representando á Samaritana. Sigue-lle outra rapaciña, cravados os ollos no ceo e levando na man un lenzo en qu´ está estampada a cara do Salvador. Esta rapaza representa á

Verónica. Detrás vai o Calvario e petro del o sepulcro que gardan catro civiles, un en cada esquina. Ó lado do sepulcro van catro rapaces vistidos d´ encarnado con cada un seu libro na man. Estes rapaces representan ós Evanxelistas. Non moi lonxe do sepulcro van outras tres rapaciñas que representan ás tres Marías. Despois vai a imaxe da Virxe con dous civiles aos lados i un cabo detrás.

NOTA: (11) No brazo esquerdo, ou do Evanxeo, do trasepto da igrexa parroquial de Santo André do Hío, encóntrase o grupo escultórico do Desencravo. Trátase do paso procesional de Santo Cristo da luz, moi similar a escenificación do cruceiro situado no adro desta igrexa. Esta obra foi atribuída a Ignacio Cerviño Quinteiro (1981) por Xulio Fernández Pintos (1998), opinión que comparte Estanislao Fernández de la Cigoña y Núñez, "Entre encravamentos profundos e desencravados amorosos". Galaxia, Vigo, 2001 [cf Foto 15]. Ambos son partidarios de adxudicar a labra do Cruceiro de Hía a este mesmo autor.

(12) O cruceiro do Hío, véuselle atribuíndo tradicionalmente na parroquia a Xosé Cerviño García (=Pepe da Pena), e Castelao así o afirmou no seu famoso estudo sobre As cruces de pedra na Galiza(1949), aínda que Eugenio Eiroa Hermo mantivo desde 1964 nos seus traballos que o seu autor foi en realidade Ignacio Cerviño Quintas, documentado residindo en Hío na época da execución do cruceiro pero non de maneira fidedigna como autor da obra (cf. Eiroa Hermo Eugenio. "El cruceiro de Hío, verdadera maravilla: La obra de Cerviño en Cangas", en: Faro de Vigo(30/08/1964), p.13)

Non podo entrar aquí na polémica sobre a autoría do cruceiro do Hío, xa que no cisma historiográfico entre penistas e ignacistas non pode resolverse sen a aparición dun documento concluínte que confirme irrefutablemente o seu autor. En calquera caso, os dous eran naturis de Augas Santas de modo que a inspiración nas cerimoniais do desencravo da zona é posible independentemente da autoría e, por outra parte, os Desencravos facíanse tamén na zona do Morrazo (Moaña e Cangas[cf. Fotos 17 e 18]), polo cal a fonte de inspiración do autor do cruceiro pode que a tivera moi cerca.

Sepois van os cregos todos e detrás deles o Axuntamento enteiro e detrás deste a múseca que leva tras si un bo fato de persoas. A xente que vai o desencravo algunha (...) marcha xa desque ve a procesión e outra espera á que se meta na ilesia. Asegún teña máis ou menos qu´ andar pra chegar á casa" (13).

Máis, na maioría das referencias a crítica é evidente como sucede nunha Parola publicada polo semanario pontevedrés O Galiciano o 1 de xullo de 1886:

"¡O desencravo! ¿Vosoutros nunca fóstedes ó desencravo, meus amigos? Pois entonces podeades dicir que non sabedes que é cousa boa. Porque o tal, desencravo téñ os seus pelendregues.

As beatas va prá eirexa sin comer, co aquel coller o millor eido; máis pra inganar á fame, levan agachado, debaixo da mantillica, inha botella chea do que cadre; e co gallo de que no tempo fai moito calor, clo, clo, clo, alá vai pra dentro medio neto.

Dempois vén aquilo de: "corre-te pr´alá; iste era o meu sitio"; das chicas, triscar unha cana nas cabezas dos rapaces que andan vendo si se cai algún morrón das velas pra limpá-lo, ou axexando pra colocar-se no coro. I antre unhas i outras cousas arma-se na casa del Señor tal algueirada, que nin na feira d´ano. Si eu fora quen, o que é a cirimonia do Sesencravo sopremía polo ben mesmo da relixión."

A visión de O galiciano, presenta unhas cerimoniais convertidas en actos sociais propicios aos excesos, nos cales as risas e bromas eran protagonistas en detrimento de a devoción, do mesmo xeito que sucedía

noutras cerimoniais da Semana Santa como Oficio de Tebras. Algo diso puido haber nalgúns lugares, o que explicaría as prohibicións de finais do século XVIII por prelados con criterios ilustrados, e o feito de que en galego a expresión “houbo un desencravo” alude á existencia dun-batifondo ou un alboroto e equivale á castelá “hubo la de Dios”.

Un caso tardío de crítica despiadada dos Desencravos témolo en Galicia na obra de Bernardo Barreiro de Vázquez Varela (1889) quen non dubida do carácter teatral dos mesmos aos que cualifica de espectáculo, pero cómico, populacheiro e realizado nun ambiente groseiro:

“De estas presentaciones y farsas quedan todavía muy arraigadas costumbres que es necesario vayan desapareciendo en el siglo XXI, por ejemplo, la representación del Encuentro por medio de figuras en la plaza pública dirigida por un predicador y a la que asiste con gran algazara lo más soez del populacho; y dentro de la iglesia las farsas del Desencravo en un teatro que se solía levantar sobre los sepulcros en el bello ábside de Santo Domingo de Santiago, (así están estropeadas las estatuas yacentes) y la agonía con sus relámpagos y truenos en otro teatro enlutado y oscurísimo de la capilla y cofradía de las Animas, en la misma ciudad, donde suelen cometerse todo género de desmanes bien abonados por la completa falta de luz y el apretadísimo haz que forma un público de ambos sexos”(14)

NOTA: (13) Francisco Portela **Pardal**, Costumes da terriña, Imp. del Seminario Central, Santiago, 1911, p.78

Parecida descripción fai en 1880 e 1881 El Correo Gallego das funcións do Desencravo en Ferrol, as cales daban lugar, segundo o cronista, a numerosos excesos e incidentes incluíndo risas, blasfemias e roubos dun público que asistía como a unha romaría, convertendo o templo unha feira:

“...la iglesia parroquial de San Julián, en que se celebra el acto, se convierte en una verdadera feria. Allí solo se percibe un vocerío inmenso, frases indecorosas suenan en el oído de los circunstantes...”(15)

Na mesma liña está o comentario de Leandro Pita Romero en 1923, lembrando o Desencravo de Compostela na súa nenez ao cal describe como “profano y teatral, para sugestión de campesinos y descanso de señoritos y estudiantes irreverentes (...) Hay oleadas de sollozos, el cahsquido de alguna bofetada y se hace un revuelo en la masa que abre paso a un accidentado de calor y fetidez”(16). Algo de certo debe de haber nestas descripcións. A afluencia de público debeu de ser notable, e non sempre devoto: en 1889 cando o párroco de Neda (A Coruña) anunciou que a cerimonia do Desencravo faríase nese ano “al aire libre” no adro da igrexa parroquial, o alcalde da vila pediulle ao Gobernador provincial que enviase “algunas parejas de la Guardia Civil para mantener el orden”(17), sen dúbida para evitar pelexas como as que evitou o mesmo corpo en Foz en 1910 incautando numerosas armas entre os asistentes ao Acto:

NOTA:(14) Barreiro de Vázquez Varela, Bernardo, “Notas históricas de la Semana Santa en Galicia”, en Galicia diplomática, ano IV, nº16 (1889), pp. 121-128 (p.122)

“En la función del Desenclavo, que se celebró el Viernes Santo en la parroquia de Santa Cecilia, en Mondoñedo, fueron decomisadas por la Guardia Civil del puesto de Foz, las siguientes armas: Una pistola de dos cañones (...) una navaja de 21 centímetros (...), otra navaja-puñal de 23 centímetros, (...) una navaja de 20, otra de 22 y dos navajas barberas” (18).

Non pode estrañar, a vista destes datos, as autoridades civís e eclesiásticas tratasen de impedir a realización destas cerimonia e de que estas deixasen de facerse en moitos lugares, perdéndose incluso a memoria da súa existencia.

NOTA: (15) Cf. El Correo Gallego: diario político de la mañana, Ferrol, ano IV, nº791 (14/04/1881), p.2; e ano III, nº489 828/03/1880), p.3

(16)Pita Romero, Leandro, “Evocaciones: Semana Santa”, en: El Orzán, A Coruña, (31/03/1923), p.2

(17)Cf. El Correo Gallego: diario político de la mañana, año XXII, nº 7003 (29/03/1899), p.2

(18) El Progreso, Lugo, (30/03/1910),p.2

Coa única finalidade de facilitar a súa comprensión, o texto orixinal foi editado e complementado cunha breve introdución e suplementado con ilustracións. A primeira parte deste artigo foi publicada no ano 2025.

XALS

Para coñecer máis sobre este tema pode acceder á páxina do autor que se encontra dispoñible no seguinte enlace:

<https://desenclavos.juliomontanes.synology.me/desenclavos.htm>



Foto: 10

Calvario no adro da Igrexa de Santa María de Aguasantas (Cotobade s. XVIII)



Foto: 12

Muro de vivenda na parroquia de San Salvador de Amoia (s. XVII)



Foto:11

Pousadoiro a Igrexa de San Martiño de Borela (Cotobade s. XVI)



Foto: 13

Enterro de Cristo no Museo Arqueolóxico da Coruña (s. XV)



Foto 14. Cruz e capitel do cruceiro de Hío (Cangas).
Mestre Cerviño (1872).



Foto 15. Paso procesional do Santo Cristo da Luz de Hío
(Cangas). Ignacio Cerviño Quinteiro (1881).



Foto 16: Cristo de desencravo da igrexa de Santa Maria
de Aguasantas (Colobade) (s. XVIII).




Foto 17. Desencravo na excolexial igrexa de Santiago de
Cangas e Illas Cies.



Foto 18. Cristo do desencravo na furna no oficio do desencravo en Cangas (Ignacio Cerviño Quinteiro, 1877).